

Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se resolve a convocatoria de provisión temporal de postos de traballo mediante o sistema de substitución

O 04/08/2022 ofertáronse para a súa provisión temporal mediante o sistema de substitución entre persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza, os postos relacionados no anexo I da dita convocatoria.

Logo da revisión das peticións recibidas nesta Dirección Xeral,

DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Aprobar e facer pública no Anexo I da presente resolución a lista definitiva dos destinos adxudicados ao persoal funcionario que participou na convocatoria do 04/08/2022.

SEGUNDO.- A incorporación ao posto de traballo en substitución será na data de efectos indicada no correspondente acordo de substitución.

Para a formalización desta incorporación expedirase dilixencia de constancia asinada polo/a superior funcional e pola persoa adxudicataria, dilixencia que deberá ser remitida á Dirección Xeral de Xustiza por correo electrónico (servicio.persoal.xustiza@xunta.gal) nesa mesma data.

A renuncia á substitución adxudicada pola presente Resolución, será penalizada coa imposibilidade de obter unha nova substitución durante o período dun ano.

TERCEIRO.- O posto de traballo deberá ser ocupado de xeito efectivo, salvo causa xustificada, pola persoa adxudicataria da substitución, mesmo con interrupción, de ser o caso, do disfrute de vacacións, licenzas ou permisos, que en todo caso terán que ser informados polo órgano de destino e autorizados pola correspondente xefatura territorial de acordo coas necesidades do servizo.

CUARTO.- Os correspondentes acordos de substitución entre titulares serán enviados por correo electrónico ás persoas adxudicatarias, sendo comunicados a súa vez aos superiores funcionais dos órganos de orixe e destino para o seu coñecemento.

QUINTO.- Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso de reposición ante o director xeral de xustiza no prazo dun mes (arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano xudicial competente no prazo de dous meses (art.14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).





ANEXO I

Órgano xudicial da desocupación:	Xdo. Instrución N. 1 O Porriño		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CXPA
Adxudicatario/a:	Sen peticións		

Órgano xudicial da desocupación:	Xdo. 1ª Instancia N. 12 Vigo		
Motivo da desocupación:	Licenza por enfermidade	Corpo:	CXPA
Adxudicatario/a:	Sen peticións		

Órgano xudicial da desocupación:	Xdo. de Paz Baiona		
Motivo da desocupación:	Permiso paternidade	Corpo:	CXPA
Adxudicatario/a:	María Paz Cadenas Pateiro		
Localidade de destino:	Pontevedra	Corpo:	CXPA
Data:	A data de incorporación comunicárase no acordo remitido á persoa adxudicataria		

Órgano xudicial da desocupación:	Xdo. Prim. Inst. e Instr. N.2 Betanzos		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CTPA
Adxudicatario/a:	Sen peticións		

Órgano xudicial da desocupación:	Xdo. Instancia N.11 A Coruña		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CTPA
Adxudicatario/a:	Sen peticións		

Órgano xudicial da desocupación:	Xdo. 1ª Instancia N. 6 Ferrol		
Motivo da desocupación:	Licenza por enfermidade	Corpo:	CTPA
Adxudicatario/a:	Sen peticións		

Órgano xudicial da desocupación:	Xdo. Do Penal N. 3 A Coruña		
Motivo da desocupación:	Liberación sindical	Corpo:	CTPA
Adxudicatario/a:	Sen peticións		

